



## MEMORIA FUNCIONAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

No Diario Oficial de Galicia núm. 94, do 16 de maio de 2022, publicouse o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. E no Diario Oficial de Galicia núm. 101, do 27 de maio de 2022, publicouse o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

No Diario Oficial de Galicia núm. 120, do 23 de xuño de 2022, publicouse o Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública. Con anterioridade, a estrutura orgánica da consellería estableceuse polo Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro (publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 17, do 27 de xaneiro de 2021), modificado polo Decreto 165/2021, do 10 de decembro (publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 242, do 20 de decembro de 2021).

Nos seguintes apartados, detállanse os cambios que se introducen nos postos da vixente RPT, que foi publicada por Resolución do 27 de outubro de 2017 (DOG núm. 210, do 6 de novembro de 2017), xunto coas modificacións publicadas por Resolución do 26 de decembro de 2017 (DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 2018), por Resolución do 9 de abril de 2018 (DOG núm. 74, do 17 de abril de 2018), por Resolución do 13 de xuño de 2019 (DOG núm. 112, do 14 de xuño de 2019), por Resolución do 31 de xullo de 2020 (DOG núm. 160, do 11 de agosto de 2020), e por Resolución do 30 de xuño de 2022 (DOG núm. 126, do 4 de xullo de 2022).

Os cambios da estrutura orgánica, relativos aos postos de nivel 28 ou superior complétanse na presente proposta con outras modificacións que afectan a postos de menor nivel. Nos distintos centros directivos da consellería prodúcense unha serie de creacións, modificacións e supresións de postos na procura dunha mellor prestación do servizo público e co obxectivo de avanzar na eficacia e eficiencia no traballo.

Respecto daquelas xefaturas de servizo para as que se establece como forma de provisión a libre designación nesta modificación da RPT, isto realízase de conformidade coa Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 44, do 4 de marzo de 2016). Para o resto de xefaturas de servizo que xa teñen establecida como forma de provisión a libre designación e que non vén afectadas pola presente proposta de

modificación da RPT, a xustificación do criterio correspondente xa se recolleu na tramitación das modificacións da RPT correspondentes.

## **1. SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO**

A continuación expóñense os cambios propostos na Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.

### **Creación**

Na Vicesecretaría Xeral, dentro do Servizo de Persoal, para atender á previsible carga de traballo en canto á xestión do persoal derivada de diferentes procesos, créase o posto de traballo Coordinador/a, código FC.C02.00.001.15770.009, de nivel 20, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.

### **Modificacións**

No posto base subgrupo C2, código FC.C02.00.000.15770.016, ao quedar vacante como consecuencia da xubilación da persoa titular da praza (persoal laboral fixo), elimínase a observación "Ocupado por persoal laboral fixo a extinguir".

Dentro da Vicesecretaría Xeral o posto de traballo Xefatura de Servizo de Xestión de Persoal, código FC.C02.00.001.15770.007, pasa a denominarse Xefatura de Servizo de Persoal, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Na Subdirección Xeral de Apoio Técnico-Xurídico, para facilitar a súa cobertura, no posto de traballo Xefatura Sección, código FC.C02.00.003.15770.011, elimínase a titulación académica 2062 - Licenciado/a en Dereito, e pasa a estar aberto aos subgrupos A1/A2/C1, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Así mesmo, o centro de destino Secretaría da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa pasa a depender da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa. No punto sete desta memoria, relativa á citada dirección xeral, detállanse os postos de traballo afectados.

Como consecuencia do cambio sinalado no parágrafo anterior, nos centros de destino Subdirección Xeral de Análise e Coordinación, Subdirección Xeral de Estudos e Asesoría Xurídica, os postos de traballo cambian o seu código, pasando de ser FCC0200006, FCC0200007 e FCC0200008 a ser FCC0200005, FCC0200006 e

FCC0200007, respectivamente, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

### **Amortización**

Dentro da Subdirección Xeral de Análise e Coordinación suprímese o posto de traballo Xefatura de Servizo de Coordinación en Materia Orzamentaria, código FC.C02.00.006.15770.010, que se atopa vacante.

## **2. INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

Como consecuencia da nova estrutura orgánica da consellería e da Xunta de Galicia, que determinou un cambio nas consellerías existentes, é necesario reorganizar as Intervencións Delegadas e os postos que delas dependen. A continuación expóñense os ditos cambios, así como os relativos á Oficina Galega de Auditoría e Control (OGAC) e outros propostos dentro da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

### **Creacións**

#### **Persoal funcionario:**

Dentro da OGAC, no centro de destino División de Auditoría Pública e Control Financeiro, créase o posto de traballo Técnico/a de Auditoría, co código FC.C03.00.003.15770.010, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral (XSF2 escala superior de finanzas, especialidade intervención, e XMF2 escala técnica de finanzas, especialidade contabilidade e intervención), e con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

Na Intervención Delegada da Consellería de Facenda e Administración Pública créase o posto de traballo Xefatura de Servizo de Control Patrimonial e do Tesouro, co código FC.C03.00.013.15770.016, de nivel 28, con forma de provisión concurso específico, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral (XSF2 escala superior de finanzas, especialidade intervención, e XMF2 escala técnica de finanzas, especialidade contabilidade e intervención), e con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

Na Intervención Xeral da Comunidade Autónoma créase o centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. E, dentro del, créase o posto de traballo Interventor/a Delegado/a da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, co código FC.C03.00.017.15770.001, de nivel 30, con forma de provisión de libre designación, aberto ao subgrupo A1, aberto en corpo/escala a xeral (XSF2 escala superior de finanzas, especialidade intervención),

con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e outras comunidades autónomas (A11), e co requisito indispensable, para persoal doutra administración, de posuír o curso de perfeccionamento de galego (640).

Na Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural créase o posto de traballo Xefatura de Servizo de Fiscalización e Contabilidade II, co código FC.C03.00.020.15770.018, de nivel 28, con forma de provisión concurso específico, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral (XSF2 escala superior de finanzas, especialidade intervención, e XMF2 escala técnica de finanzas, especialidade contabilidade e intervención), e con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

### **Persoal laboral:**

Na Intervención Territorial de Pontevedra créase o posto de traballo de persoal laboral denominado Subalerno/a, código FC.C03.00.030.36001.030, grupo V (persoal subalerno, de vixilancia e de servizos específicos non titulados), categoría 003 (subalerno/a), con forma de provisión concurso.

### **Modificacións**

Na Subdirección Xeral de Contabilidade modifícase a forma de provisión dos seguintes postos de traballo, pasando de concurso específico a libre designación, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características:

- FC.C03.00.002.15770.006 Servizo de Planificación e Regulación Contable
- FC.C03.00.002.15770.010 Xefatura Servizo de Xestión Contable
- FC.C03.00.002.15770.025 Servizo de Elaboración e Rendición de Contas
- FC.C03.00.002.15770.035 Xefatura Servizo de Informes e Análises de Contas e Financeiros

As competencias que se desenvolven supoñen para estes postos de traballo unha responsabilidade análoga á esixible ao titular da Subdirección Xeral. Ademais, supón unha especial responsabilidade por garantir a protección dos datos persoais que conteñen as contas da Comunidade Autónoma, non só na xestión dos mesmos con carácter xeral, senón na súas relacións co CIXTEC así como na documentación remitida ao máximo órgano de control externo, o Consello de Contas. Tamén a explotación do sistema de información contable implica unha responsabilidade directa sobre os sistemas de protección de datos persoais, xustificando así un dos criterios esixidos na instrución cuarta, apartado 5 ("especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais") da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre

designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consonte a nova estrutura orgánica da consellería, créase a Oficina Galega de Auditoría e Control (OGAC). Detállanse a continuación os cambios propostos como consecuencia da dita creación.

Dentro da OGAC, o centro de destino Subdirección Xeral de Control Financeiro Permanente e Auditoría do Sector Público pasa a denominarse División de Auditoría Pública e Control Financeiro. Dentro del, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Control Financeiro Permanente e Auditoría do Sector Público, código FC.C03.00.004.15770.001, pasa a denominarse Subdirector/a Xeral de División de Auditoría Pública e Control Financeiro e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.003.15770.001, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Nos postos de traballo de xefaturas de servizo desta División de Auditoría Pública e Control Financeiro, ademais do establecido a continuación, modifícase a súa forma de provisión, pasando de concurso específico a libre designación. A provisión polo sistema de libre designación realízase de conformidade co establecido na instrución cuarta, apartado 3.2 ("a realización das funcións de avaliación, auditoría e investigación, sobre o funcionamento dos servizos públicos") da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto as ditas xefaturas de servizo asumen unhas competencias que supoñen unha responsabilidade análoga á esixible ao titular da Subdirección Xeral. Ademais, supón unha especial responsabilidade por garantir a protección dos datos persoais que conteñen os expedientes que deben controlar, así como a obriga de cumprir co sinalado polo artigo 46.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia ("o persoal controlador que realice o control financeiro de subvencións deberá gardar a confidencialidade e o segredo respecto dos asuntos que coñezan por razón do seu traballo"), e a obriga de cumprir os estritos criterios de independencia que para o control dos fondos comunitarios esixen as institucións comunitarias. Ademais no exercicio do control financeiro de subvencións, tal e como dispón a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, o persoal funcionario encargado de realizar o control terá a consideración de "axente da autoridade" podendo, entre outras facultades, acceder as contas bancarias onde se teñan efectuado o cobro das subvencións polos beneficiarios delas. Por todo o anterior, o cumprimento do previsto na instrución cuarta, apartado 5 ("especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais") semella xustificado.



O posto de traballo Servizo de Control Financeiro Permanente, código FC.C03.00.004.15770.008, pasa a denominarse Servizo do Equipo de Control Financeiro, cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.003.15770.012, e a súa forma de provisión, que pasa a ser de libre designación, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto de traballo Servizo de Auditoría do Sector Público, código FC.C03.00.004.15770.020, pasa a denominarse Servizo do Equipo de Auditoría do Sector Público, cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.003.15770.014, e a súa forma de provisión, que pasa a ser de libre designación, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto de traballo Servizo de Coordinación e Supervisión de Control Financeiro Permanente da Axencia Tributaria de Galicia, código FC.C03.00.004.15770.040, pasa a denominarse Servizo do Equipo de Control e Coordinación do Control Financeiro da Atriga, cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.003.15770.016, e a súa forma de provisión, que pasa a ser de libre designación, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Ademais, todos os postos de traballo de Técnico/a de Auditoría (códigos FC.C03.00.004.15770.013, FC.C03.00.004.15770.015, FC.C03.00.004.15770.025 e FC.C03.00.004.15770.026) pasan a depender directamente do Subdirector/a Xeral de División de Auditoría Pública e Control Financeiro, polo que cambian os seus códigos, que pasan a ser FC.C03.00.003.15770.006, FC.C03.00.003.15770.007, FC.C03.00.003.15770.008 e FC.C03.00.003.15770.009, respectivamente, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

Así mesmo, o posto de traballo Xefatura Negociado (código FC.C03.00.004.15770.005) cambia o seu código, pasando a ser FC.C03.00.003.15770.005, respectivamente, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Dentro da OGAC, o centro de destino Subdirección Xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións pasa a denominarse División de Auditoría de Fondos Comunitarios. Dentro del, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións, código FC.C03.00.003.15770.001, pasa a denominarse Subdirector/a Xeral de División de Auditoría de Fondos Comunitarios, cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.004.15770.001, e, en consonancia co resto de postos da OGAC (agás o de Subdirector/a Xeral de División de Coordinación, Seguimento e Axudas de Estado), pasa a estar aberto en corpo/escala a xeral (XSF2 escala superior de finanzas, especialidade intervención), sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto de traballo Servizo de Auditoría dos Fondos Europeos da Pesca, código FC.C03.00.003.15770.012, pasa a denominarse Servizo do Equipo de Auditoría dos Fondos Europeos da Pesca e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.004.15770.012, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto de traballo Servizo de Auditoría do FEDER, código FC.C03.00.003.15770.016, pasa a denominarse Servizo do Equipo de Auditoría do FEDER e do MRR e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.004.15770.016, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto de traballo Servizo de Auditoría do FSE, código FC.C03.00.003.15770.018, pasa a denominarse Servizo do Equipo de Auditoría do FSE e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.004.15770.018, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto de traballo Servizo de Control Financeiro de Subvencións e de Fondos Europeos Agrícolas, código FC.C03.00.003.15770.020, pasa a denominarse Servizo do Equipo de Auditoría de Fondos Europeos Agrícolas, cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.004.15770.020, e, en consonancia co resto de postos da OGAC (agás o de Subdirector/a Xeral de División de Coordinación, Seguimento e Axudas de Estado), pasa a estar aberto en corpo/escala a xeral (XSF2 escala superior de finanzas, especialidade intervención, e XMF2 escala técnica de finanzas, especialidade contabilidade e intervención), sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Ademais, todos os restantes postos de traballo do centro de destino Subdirección Xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións (actual División de Auditoría de Fondos Comunitarios) tamén cambian o seu código, pasando de ser FCC0300003 a ser FCC0300004, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

Dentro da OGAC, o centro de destino Subdirección Xeral de Coordinación e Relacións co Consello de Contas pasa a denominarse División de Coordinación, Seguimento e Axudas de Estado. Dentro del, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Coordinación e Relacións co Consello de Contas, código FC.C03.00.005.15770.001, pasa a denominarse Subdirector/a Xeral de División de Coordinación, Seguimento e Axudas de Estado e a estar aberto a xeral / xeral (XSE escala superior de estatísticos), sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características. En relación coa modificación do corpo/escala ao que pasa a estar aberto, hai que sinalar que a definición das funcións de coordinación e análise coas demais divisións da OGAC e unidades da IXCA fan necesario que a persoa que ocupe a praza dispoña de

coñecementos acreditados en materia de estatística que permita facer fronte con solvencia a esta nova realidade. Dentro deste perfil técnico, a escala de estatísticos recolle as características axeitadas para este perfil, abríndose tamén ao corpo xeral de cara a garantir a súa cobertura.

Nos postos de traballo de xefaturas de servizo desta División de Coordinación, Seguimento e Axudas de Estado, ademais do establecido a continuación, modifícase a súa forma de provisión, pasando de concurso específico a libre designación. A provisión polo sistema de libre designación realízase de conformidade co establecido na instrución cuarta, apartado 3.2 (“a realización das funcións de avaliación, auditoría e investigación, sobre o funcionamento dos servizos públicos”) da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta xefatura de servizo asume unhas competencias que supoñen unha responsabilidade análoga á esixible ao titular da Subdirección Xeral. Ademais, supón unha especial responsabilidade por garantir a protección dos datos persoais que conteñen os expedientes que deben controlar, así como a obriga de cumprir co sinalado polo artigo 46.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (“o persoal controlador que realice o control financeiro de subvencións deberá gardar a confidencialidade e o segredo respecto dos asuntos que coñezan por razón do seu traballo”), e a obriga de cumprir os estritos criterios de independencia que para o control dos fondos comunitarios esixen as institucións comunitarias. Ademais no exercicio do control financeiro de subvencións, tal e como dispón a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, o persoal funcionario encargado de realizar o control terá a consideración de “axente da autoridade” podendo, entre outras facultades, acceder as contas bancarias onde se teñan efectuado o cobro das subvencións polos beneficiarios delas. Por todo o anterior, o cumprimento do previsto na instrución cuarta, apartado 5 (“especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais”) semella xustificado.

Así, o posto de traballo Servizo de Análise e Coordinación, código FC.C03.00.005.15770.007, pasa a denominarse Servizo do Equipo de Coordinación, Seguimento e Análise, e cambia a súa forma de provisión, que pasa a ser de libre designación, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

E, ata agora dependente da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, pasa a depender desta División de Coordinación, Seguimento e Axudas de Estado o posto de traballo Servizo de Análise e Coordinación de Políticas de Axudas, código FC.C04.00.003.15770.010, que pasa a denominarse Servizo do Equipo de Axudas de



Estado, cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.005.15770.013, e cambia a súa forma de provisión, que pasa a ser de libre designación, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Dentro deste servizo, ata agora dependentes da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, pasan a depender tamén da citada División de Coordinación, Seguimento e Axudas de Estado e cambian o seu código os postos de traballo Xefatura Sección I (código FC.C04.00.003.15770.011), Xefatura Sección II (código FC.C04.00.003.15770.012) e Xefatura Negociado (código FC.C04.00.003.15770.016), que pasan a ser FC.C03.00.005.15770.015, FC.C03.00.005.15770.017 e FC.C03.00.005.15770.019, respectivamente, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Por outra banda, na Intervención Xeral da Comunidade Autónoma o centro de destino Subdirección Xeral de Auditoría e de Control Financeiro Continuo do Sector Público pasa a denominarse Unidade de Auditoría e de Control Financeiro Continuo do Sector Público Sanitario e a integrarse na Oficina Galega de Auditoría e Control. Dependendo da dita Unidade, as diferentes Xerencias de Xestión Integrada pasan a denominarse Estructuras de Xestión Integrada, e, dentro de cada unha delas, os postos de Xefatura de Servizo de Auditoría pasan a denominarse Xefatura de Servizo do Equipo de Auditoría.

Ademais, na actual Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela e Barbanza - Servizo de Auditoría, como consecuencia da adxudicación á persoa titular do posto doutro posto no concurso de traslados de administración xeral convocado pola Resolución do 25 de novembro de 2019, no posto de traballo Xefatura de negociado, código FC.C03.00.007.15770.010, elimínase a observación "Cando sexa vacante específico nivel 18 xeneralizado", pasando a ter o complemento específico xeneralizado.

A continuación detállanse as modificacións nas diferentes Intervencións Delegadas das consellerías.

O centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Economía, Emprego e Industria pasa a denominarse Intervención Delegada da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación. Dentro del, o posto de traballo Interventor/a Delegado/a da Consellería de Economía, Emprego e Industria, código FC.C03.00.015.15770.001, pasa a denominarse Interventor/a Delegado/a da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.011.15770.001, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Así mesmo, dentro desta Intervención Delegada da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, o posto de traballo Xefatura Servizo Fiscalización e Contabilidade II, código FC.C03.00.015.15770.020, pasa a denominarse Xefatura Servizo Fiscalización e Contabilidade e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.011.15770.005, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Ademais, cambian o seu código os postos de traballo Xefatura Sección (código FC.C03.00.015.15770.025), Xefatura Negociado (código FC.C03.00.015.15770.027) e Xefatura Negociado (código FC.C03.00.015.15770.028), que pasan a ser FC.C03.00.011.15770.007, FC.C03.00.011.15770.009 e FC.C03.00.011.15770.010, respectivamente, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O centro de destino Intervención Delegada da Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pasa a denominarse Intervención Delegada da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Dentro del, o posto de traballo Interventor/a Delegado/a da Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, código FC.C03.00.011.15770.001, pasa a denominarse Interventor/a Delegado/a da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.012.15770.001, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Así mesmo, como consecuencia da xubilación das persoas titulares dos postos, nos postos de traballo Xefatura de negociado, códigos FC.C03.00.011.15770.009 e FC.C03.00.011.15770.010, elimínase a observación "Cando sexa vacante específico nivel 18 xeneralizado", pasando a ter o complemento específico xeralizado.

Ademais, dentro desta Intervención Delegada da Consellería da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, todos os postos de traballo cambian o seu código, pasando de ser FCC0300011 a ser FCC0300012, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

O centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Facenda pasa a denominarse Intervención Delegada da Consellería de Facenda e Administración Pública. Dentro del, o posto de traballo Interventor/a Delegado/a da Consellería de Facenda, código FC.C03.00.012.15770.001, pasa a denominarse Interventor/a Delegado/a da Consellería de Facenda e Administración Pública e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.013.15770.001, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Así mesmo, dentro desta Intervención Delegada da Consellería de Facenda e Administración Pública, todos os postos de traballo cambian o seu código, pasando de ser FCC0300012 a ser FCC0300013, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características, coas especificacións indicadas nos dous parágrafos seguintes.

O posto de traballo Xefatura de Sección, código FC.C03.00.012.15770.007, pasa a depender da nova Xefatura de Servizo de Control Patrimonial e do Tesouro (código FC.C03.00.013.15770.016), e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.013.15770.018, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Como consecuencia do indicado no parágrafo anterior, o posto de traballo Xefatura de Sección, código FC.C03.00.012.15770.013, cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.013.15770.008, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Dentro do centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, todos os postos de traballo cambian o seu código, pasando de ser FCC0300013 a ser FCC0300014, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

Dentro do centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, todos os postos de traballo cambian o seu código, pasando de ser FCC0300014 a ser FCC0300015, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

O centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pasa a denominarse Intervención Delegada da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Dentro del, o posto de traballo Interventor/a Delegado/a da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, código FC.C03.00.016.15770.001, pasa a denominarse Interventor/a Delegado/a da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Así mesmo, dentro desta Intervención Delegada da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o posto de traballo Xefatura Servizo Fiscalización e Contabilidade, código FC.C03.00.016.15770.005, pasa a denominarse Xefatura Servizo Fiscalización e Contabilidade I, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.



Ademais, como consecuencia da xubilación das persoas titulares dos postos, nos postos de traballo Xefatura de negociado, códigos FC.C03.00.016.15770.009 e FC.C03.00.016.15770.016, elimínase a observación "Cando sexa vacante específico nivel 18 xeneralizado", pasando a ter o complemento específico xeralizado.

Suprímese o centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Cultura e Turismo. Dentro del os seguintes postos de traballo pasan a depender do centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, cos cambios que se describen a continuación.

En concreto, o posto de traballo Xefatura Servizo Fiscalización e Contabilidade, código FC.C03.00.017.15770.010, pasa a denominarse Xefatura Servizo Fiscalización e Contabilidade II e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.016.15770.018, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto de traballo Xefatura Sección (código FC.C03.00.017.15770.015) cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.016.15770.020, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Ademais, o posto de traballo Xefatura Negociado (código FC.C03.00.017.15770.017) cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.016.15770.022, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Do novo centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pasan a depender os seguintes postos de traballo (que viñan exercendo na antiga Intervención Delegada da Consellería de Economía, Emprego e Industria as funcións vencelladas á área de Emprego): Xefatura Servizo Fiscalización e Contabilidade I (código FC.C03.00.015.15770.005), Xefatura Sección (código FC.C03.00.015.15770.007), Xefatura Negociado (código FC.C03.00.015.15770.017) e Xefatura Negociado (código FC.C03.00.015.15770.018), cos cambios que se describen a continuación.

En concreto, o posto de traballo Xefatura Servizo Fiscalización e Contabilidade I, código FC.C03.00.015.15770.005, pasa a denominarse Xefatura Servizo Fiscalización e Contabilidade e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.017.15770.005, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Ademais, cambian o seu código os postos de traballo Xefatura Sección (código FC.C03.00.015.15770.007), Xefatura Negociado (código FC.C03.00.015.15770.017) e Xefatura Negociado (código FC.C03.00.015.15770.018), que pasan a ser FC.C03.00.017.15770.007, FC.C03.00.017.15770.009, e FC.C03.00.017.15770.010, respectivamente, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

Neste centro de destino, como consecuencia da xubilación da persoa titular do posto, no posto de traballo Xefatura de negociado, código FC.C03.00.015.15770.017 (novo código FC.C03.00.017.15770.009), elimínase a observación "Cando sexa vacante específico nivel 18 xeneralizado", pasando a ter o complemento específico xeralizado.

No centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Sanidade e do SERGAS, como consecuencia da xubilación da persoa titular do posto, no posto de traballo Xefatura de negociado, código FC.C03.00.018.15770.008, elimínase a observación "Cando sexa vacante específico nivel 18 xeneralizado", pasando a ter o complemento específico xeralizado.

O centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Política Social pasa a denominarse Intervención Delegada da Consellería de Política Social e Xuventude. Dentro del, o posto de traballo Interventor/a Delegado/a da Consellería de Política Social, código FC.C03.00.019.15770.001, pasa a denominarse Interventor/a Delegado/a da Consellería de Política Social e Xuventude, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

No centro de destino Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural, como consecuencia da creación do posto de traballo Xefatura de Servizo de Fiscalización e Contabilidade II, co código FC.C03.00.020.15770.018, o posto de traballo Xefatura de Servizo de Fiscalización e Contabilidade, co código FC.C03.00.020.15770.005, pasa a denominarse Xefatura de Servizo de Fiscalización e Contabilidade I, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Ademais, pasa a depender da nova Xefatura de Servizo de Fiscalización e Contabilidade II (código FC.C03.00.020.15770.018) o posto de traballo Xefatura de Sección (código FC.C03.00.020.15770.008) e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.020.15770.020, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

No centro de destino Intervención Delegada da Consellería do Mar, como consecuencia de pasar a prestar servizos noutra Administración Pública a persoa titular do posto, no posto de traballo Xefatura de negociado, código FC.C03.00.021.15770.010, elimínase a observación "Cando sexa vacante específico nivel 18 xeneralizado", pasando a ter o complemento específico xeralizado.

### **Amortizacións**

Dentro do centro de destino Unidade de Auditoría e de Control Financeiro Continuo do Sector Público Sanitario suprímese o posto de traballo Subdirector/a Xeral de

Auditoría e de Control Financeiro Continuo do Sector Público Sanitario, código FC.C03.00.006.15770.001, que se atopa vacante.

Así mesmo, dentro do centro de destino que se suprime Intervención Delegada da Consellería de Cultura e Turismo, suprímese o posto de traballo Interventor/a Delegado/a da Consellería de Cultura e Turismo, código FC.C03.00.017.15770.001, que se atopa vacante.

Ademais, amortízanse os seguintes postos que se consideran prescindibles nas súas unidades de orixe e que contribúen a unha mellor optimización dos recursos humanos:

- No centro de destino Subdirección Xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións:
  - o Secretario/a Subdirector/a Xeral, código FC.C03.00.003.15770.003, actualmente ocupado en adscrición provisional por novo ingreso.
- No centro de destino Subdirección Xeral de Control Financeiro Permanente e Auditoría do Sector Público:
  - o Secretario/a Subdirector/a Xeral, código FC.C03.00.004.15770.003, actualmente non vacante (a persoa titular ocupa outro posto en comisión de servizos) e non ocupado.
- No centro de destino Subdirección Xeral de Coordinación e Relacións co Consello de Contas:
  - o Xefatura de Sección, código FC.C03.00.005.15770.011, actualmente vacante.
- No centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Facenda:
  - o Secretario/a Interventor/a Delegado/a, código FC.C03.00.012.15770.003, actualmente vacante.
- No centro de destino Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural:
  - o Secretario/a Interventor/a Delegado/a, código FC.C03.00.020.15770.003, actualmente ocupado en adscrición provisional por novo ingreso.
  - o Xefatura de Negociado, código FC.C03.00.020.15770.014, actualmente non vacante (a persoa titular ocupa outro posto en comisión de servizos) e non ocupado.

### **3. DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS**



A continuación expóñense os cambios propostos na Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

### **Creación**

Coa asunción de competencias en materia de FCI, créase, dependente da dirección xeral, o posto de traballo Técnico/a Financeiro/a (código FC.C04.00.000.15770.003), de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral (XSF escala superior de finanzas e XMF escala técnica de finanzas), e con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG). A súa denominación e características son as mesmas que as dos restantes postos de técnico/a financeiro/a da dirección xeral, correspondéndolle colaborar, entre outras tarefas, na elaboración dos orzamentos, as súas modificacións, a programación plurianual e a elaboración de informes de seguimento de todo o sector público autonómico.

### **Modificacións**

Como consecuencia da creación do posto de traballo Técnico/a Financeiro/a (código FC.C04.00.000.15770.003), o posto de traballo Xefatura de Negociado (código FC.C04.00.000.15770.003) cambia o seu código, que pasa a ser FC.C04.00.000.15770.004, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Na Subdirección Xeral de Orzamentos, o posto de traballo Xefatura Servizo Programas Orzamentarios Xerais, código FC.C04.00.001.15770.005, pasa a denominarse Xefatura Servizo Programas Orzamentarios e do FCI, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Na Subdirección Xeral de Recursos e Análise Orzamentaria, o posto de traballo Xefatura Servizo Análise Orzamentaria e Xestión de Recursos, código FC.C04.00.002.15770.013, pasa a denominarse Xefatura Servizo Planificación e Xestión de Recursos, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Na mesma subdirección xeral, o posto de traballo Xefatura Servizo Normativa Orzamentaria e Sistemas Financiamento, código FC.C04.00.002.15770.019, pasa a denominarse Xefatura Servizo Normativa e Políticas Orzamentarias, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Nesta subdirección xeral, o posto de traballo Xefatura Servizo Taxas e Prezos, código FC.C04.00.002.15770.030, pasa a denominarse Xefatura Servizo Sistemas de

Financiamento e Taxas e Prezos, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Na Subdirección Xeral de Programación Financeira do Sector Público Autonómico e de Seguimento de Políticas de Gasto, o posto de traballo Servizo de Análise e Coordinación de Políticas de Axudas, código FC.C04.00.003.15770.010, así como os postos del dependentes, pasan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, co detalle que se recolle no punto segundo desta memoria, relativa á citada dirección xeral.

Na Subdirección Xeral de Custos de Persoal, o posto de traballo Xefatura Servizo Programación e Presupostación de Custos de Persoal, código FC.C04.00.004.15770.014, pasa a denominarse Xefatura Servizo Programación e Orzamentación de Custos de Persoal, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Na Subdirección Xeral de Planificación, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Planificación Económica, código FC.C04.00.005.15770.001, pasa a denominarse Subdirector/a Xeral de Planificación, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Na mesma subdirección xeral, o posto de traballo Xefatura Servizo Metodoloxía e Seguimento, código FC.C04.00.005.15770.007, pasa a denominarse Xefatura Servizo de Metodoloxía, Seguimento e Avaliación, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Nesta subdirección xeral, o posto de traballo Xefatura Servizo de Avaliación e Análises, código FC.C04.00.005.15770.012, así como os postos del dependentes, pasan á Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos, co detalle que se recolle no punto quinto desta memoria, relativa á citada dirección xeral.

#### **4. DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO**

A continuación expóñense os cambios propostos na Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

##### **Modificacións**

Como consecuencia dos cambios efectuados na estrutura orgánica da consellería, o centro de destino Subdirección Xeral de Planificación e Operacións Financeiras pasa a denominarse Subdirección Xeral de Planificación e Operacións Financeiras, Entidades Financeiras e Corporacións Locais. Dentro del, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Planificación e Operacións Financeiras, código





FC.C05.00.001.15770.001, pasa a denominarse Subdirector/a Xeral de Planificación e Operacións Financeiras, Entidades Financeiras e Corporacións Locais, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

Como consecuencia da eliminación do centro de destino Subdirección Xeral de Entidades Financeiras e Corporacións Locais, os postos de traballo ata agora dependentes del pasan a depender da Subdirección Xeral de Planificación e Operacións Financeiras, Entidades Financeiras e Corporacións Locais, cos cambios que se describen a continuación e sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características:

- O posto de traballo Secretario/a Subdirector/a Xeral, código FC.C05.00.002.15770.003, pasa a ser FC.C05.00.001.15770.003.
- O posto de traballo Xefatura Sección Rexistro e Control Estados Contables, código FC.C05.00.002.15770.004, pasa a ser FC.C05.00.001.15770.004.
- O posto de traballo Xefatura Negociado, código FC.C05.00.002.15770.021, pasa a ser FC.C05.00.001.15770.005.
- O posto de traballo Xefatura Servizo Corporacións Locais, código FC.C05.00.002.15770.025, pasa a ser FC.C05.00.001.15770.025.
- O posto de traballo Xefatura Sección Documentación e Análise, código FC.C05.00.002.15770.026, pasa a ser FC.C05.00.001.15770.026.
- O posto de traballo Xefatura Negociado, código FC.C05.00.002.15770.027, pasa a ser FC.C05.00.001.15770.027.
- O posto de traballo Xefatura Servizo Supervisión e Inspección de Entidades e Mediadores de Seguros, código FC.C05.00.002.15770.030, pasa a ser FC.C05.00.001.15770.030.
- O posto de traballo Xefatura Sección Entidades Aseguradoras, código FC.C05.00.002.15770.032, pasa a ser FC.C05.00.001.15770.032.
- O posto de traballo Xefatura Sección Mediadores de Seguros, código FC.C05.00.002.15770.034, pasa a ser FC.C05.00.001.15770.034.
- O posto de traballo Xefatura Grupo, código FC.C05.00.002.15770.036, pasa a ser FC.C05.00.001.15770.036.

Así mesmo, todos os postos dependentes da Subdirección Xeral do Tesouro cambian o seu código, pasando de ser FCC0500003 a ser FCC0500002, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

Ademais, as unidades administrativas e postos de traballo referidos á xestión e control dos fondos europeos (a Subdirección Xeral de Xestión do FEDER e FCI, a Subdirección Xeral de Xestión do FSE e Outros Programas Comunitarios, a Subdirección Xeral de Seguimento e Control dos Fondos Comunitarios e os postos delas dependentes) pasan a depender da Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos, cos cambios que se indican no apartado quinto, correspondente a

esa dirección xeral. Tamén pasa a depender da dita dirección xeral o posto base subgrupo A1, código FC.C05.00.000.15770.003, que se especifica no devandito apartado.

### **Amortizacións**

Nesta dirección xeral amortízanse os postos de traballo Posto Base Subgrupo C2, código FC.C05.00.000.15770.007, e Subalterno/a, código FC.C05.00.000.15770.011, actualmente vacantes, que se consideran prescindibles na súa unidade de orixe e que contribúen a unha mellor optimización dos recursos humanos.

Ademais, elimínase o centro de destino Subdirección Xeral de Entidades Financeiras e Corporacións Locais e suprímese o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Entidades Financeiras e Corporacións Locais, código FC.C05.00.002.15770.001, que se atopa vacante.

## **5. DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS**

A continuación expóñense os cambios propostos na Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos.

### **Creacións**

Na Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos créase o centro de destino Subdirección Xeral de Programación e Coordinación de Fondos Europeos. Dentro del, créase o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Programación e Coordinación de Fondos Europeos, co código FC.C06.00.001.15770.001, de nivel 30, con forma de provisión de libre designación, aberto ao subgrupo A1, aberto en corpo/escala a xeral / xeral (XSF escala superior de finanzas) / xeral (XSE escala superior de estatísticos), con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e outras comunidades autónomas (A11), e co requisito indispensable, para persoal doutra administración, de posuír o curso de perfeccionamento de galego (640).

Tamén se crea o centro de destino Subdirección Xeral de Coordinación e Seguimento dos fondos NextGenerationEU. Dentro del, créase o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Coordinación e Seguimento dos fondos NextGenerationEU, co código FC.C06.00.005.15770.001, de nivel 30, con forma de provisión de libre designación, aberto ao subgrupo A1, aberto en corpo/escala a xeral / xeral (escala superior de finanzas), con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e outras comunidades autónomas (A11), e co requisito indispensable, para persoal doutra administración, de posuír o curso de perfeccionamento de galego (640). Respecto deste posto de traballo, cómpre sinalar que a anterior estrutura orgánica

da consellería establecida polo Decreto 165/2021, do 10 de decembro, polo que se modificou o Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, creaba a Subdirección Xeral de Proxectos Públicos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, pero este posto non está creado na RPT. Procédese agora á creación tanto do centro de destino como do posto de traballo, recollendo a nova denominación fixada pola actual estrutura orgánica establecida polo Decreto 113/2022, do 16 de xuño.

### **Modificacións**

O posto de traballo Secretario/a Director/a Xeral, código FC.C08.00.000.15770.001, cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.000.15770.001, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Por cuestións organizativas e de eficiencia no desenvolvemento das funcións previstas para determinadas xefaturas de sección, pasan a depender da dirección xeral, coa finalidade de realizar tarefas máis transversais e de coordinación dentro da dirección, os seguintes postos de traballo:

- Xefatura Sección I (código FC.C05.00.004.15770.023) e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.000.15770.002, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.
- Xefatura Sección (código FC.C05.00.005.15770.007) e cambia a súa denominación, que pasa a ser Xefatura Sección II, e o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.000.15770.004, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.
- Xefatura Sección II (código FC.C05.00.006.15770.004), e cambia a súa denominación, que pasa a ser Xefatura Sección III e o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.000.15770.006, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto base subgrupo A1, código FC.C05.00.000.15770.003, ata agora dependente da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, pasa a depender da Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.000.15770.008, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

No novo centro de destino Subdirección Xeral de Programación e Coordinación de Fondos Europeos, pasan a depender del os seguintes postos de traballo (ata agora dependentes da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos): Xefatura Servizo de Avaliación e Análises (código FC.C04.00.005.15770.012), Xefatura Sección (código FC.C04.00.005.15770.014) e Xefatura Negociado (código FC.C04.00.005.15770.015), cos cambios que se describen a continuación.



En concreto, o posto de traballo Xefatura Servizo de Avaliación e Análises, código FC.C04.00.005.15770.012, pasa a denominarse Xefatura Servizo de Programación e Avaliación de Fondos Europeos, e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.001.15770.005, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Ademais, cambian o seu código os postos de traballo Xefatura Sección (código FC.C04.00.005.15770.014) e Xefatura Negociado (código FC.C04.00.005.15770.015), que pasan a ser FC.C06.00.001.15770.007 e FC.C06.00.001.15770.009, respectivamente, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

Así mesmo, no novo centro de destino Subdirección Xeral de Programación e Coordinación de Fondos Europeos, pasan a depender del os seguintes postos de traballo (ata agora dependentes da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos): Xefatura Servizo de Seguimento e Avaliación dos Fondos Comunitarios (código FC.C05.00.006.15770.020), Xefatura Sección I (código FC.C05.00.006.15770.022) e Xefatura Sección II (código FC.C05.00.006.15770.023), cos cambios que se describen a continuación.

En concreto, o posto de traballo Xefatura Servizo de Seguimento e Avaliación dos Fondos Comunitarios, código FC.C05.00.006.15770.020, pasa a denominarse Xefatura Servizo de Seguimento e Comunicación de Fondos Europeos, e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.001.15770.012, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Ademais, cambian o seu código os postos de traballo Xefatura Sección I (código FC.C05.00.006.15770.022) e Xefatura Sección II (código FC.C05.00.006.15770.023), que pasan a ser FC.C06.00.001.15770.014 e FC.C06.00.001.15770.016, respectivamente, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

O centro de destino Subdirección Xeral de Xestión do FEDER e FCI (ata agora dependente da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos) pasa a depender da Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos e pasa a denominarse Subdirección Xeral de Xestión do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. E pasan a depender del todos os postos dependentes da citada Subdirección Xeral de Xestión do FEDER e FCI, cos cambios que se describen a continuación.

O posto Subdirector/a Xeral de Xestión do FEDER e FCI, código FC.C05.00.004.15770.001, pasa a denominarse Subdirector/a Xeral de Xestión do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e cambia o seu código, que pasa a ser



FC.C06.00.002.15770.001, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto Xefatura Servizo de Xestión do FEDER e do FCI, código FC.C05.00.004.15770.010, pasa a denominarse Xefatura Servizo de Xestión do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.002.15770.010, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto Xefatura Sección, código FC.C05.00.004.15770.008, pasa a depender deste servizo, cambia a súa denominación, que pasa a ser Xefatura Sección I, e o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.002.15770.012, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto Xefatura Sección II (código FC.C05.00.004.15770.013) cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.002.15770.013, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto Xefatura Servizo de Coordinación e Seguimento do FEDER, código FC.C05.00.004.15770.020, pasa a denominarse Xefatura Servizo de Coordinación e Análise do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.002.15770.020, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto Xefatura Sección I (código FC.C05.00.004.15770.011) pasa a depender deste servizo, e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.002.15770.024, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Os postos Xefatura Sección II (código FC.C05.00.004.15770.027) e Xefatura Negociado (código FC.C05.00.004.15770.030), cambian o seu código, que pasan a ser FC.C06.00.002.15770.027 e FC.C06.00.002.15770.030, respectivamente, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

O centro de destino Subdirección Xeral de Xestión do FSE e Outros Programas Comunitarios (ata agora dependente da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos) pasa a depender da Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos e pasa a denominarse Subdirección Xeral de Xestión do Fondo Social Europeo. E pasan a depender del todos os postos dependentes da citada Subdirección Xeral de Xestión do FSE e Outros Programas Comunitarios, cos cambios que se describen a continuación.

O posto Subdirector/a Xeral de Xestión do FSE e Outros Programas Comunitarios, código FC.C05.00.005.15770.001, pasa a denominarse Subdirector/a Xeral de Xestión



do Fondo Social Europeo e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.003.15770.001, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto Xefatura Servizo de Xestión do FSE Rexional, código FC.C05.00.005.15770.005, pasa a denominarse Xefatura Servizo de Xestión do Fondo Social Europeo e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.003.15770.005, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto Xefatura Sección I (código FC.C05.00.005.15770.002) pasa a depender deste servizo, cambia a súa denominación, que pasa a ser Xefatura Sección, e o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.003.15770.006, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto Xefatura Negociado (código FC.C05.00.005.15770.008) cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.003.15770.008, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto Xefatura Servizo doutros Programas Comunitarios, código FC.C05.00.005.15770.016, pasa a denominarse Xefatura Servizo de Coordinación e Análise do Fondo Social Europeo e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.003.15770.016, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto Xefatura Sección II (código FC.C05.00.005.15770.003), pasa a depender deste servizo, cambia a súa denominación, que pasa a ser Xefatura Sección, e o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.003.15770.017, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Os postos Xefatura Negociado (código FC.C05.00.005.15770.019) e Xefatura Negociado (código FC.C05.00.005.15770.020), cambian o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.003.15770.019, e FC.C06.00.003.15770.020, respectivamente, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

O centro de destino Subdirección Xeral de Seguimento e Control dos Fondos Comunitarios (ata agora dependente da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos) pasa a depender da Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos e pasa a denominarse Subdirección Xeral de Inspección e Control dos Fondos Europeos. E pasan a depender del todos os postos dependentes da citada Subdirección Xeral de Seguimento e Control dos Fondos Comunitarios, cos cambios que se describen a continuación.



O posto Subdirector/a Xeral de Seguimento e Control dos Fondos Comunitarios, código FC.C05.00.006.15770.001, pasa a denominarse Subdirector/a Xeral de Inspección e Control dos Fondos Europeos e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.004.15770.001, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto Xefatura Sección I (código FC.C05.00.006.15770.003) cambia a súa denominación, que pasa a ser Xefatura Sección, e o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.004.15770.003, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto Xefatura Servizo de Inspección e Control do FEDER, código FC.C05.00.006.15770.005, pasa a denominarse Xefatura Servizo de Inspección e Control do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.004.15770.005, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Os postos Xefatura Sección Técnica de Verificacións (código FC.C05.00.006.15770.007) e Xefatura Sección (código FC.C05.00.006.15770.008), cambian o seu código, que pasan a ser FC.C06.00.004.15770.007 e FC.C06.00.004.15770.008, respectivamente, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

O posto Xefatura Servizo de Inspección e Control do FSE, código FC.C05.00.006.15770.010, pasa a denominarse Xefatura Servizo de Inspección e Control do Fondo Social Europeo e cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.004.15770.010, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

O posto Xefatura Sección (código FC.C05.00.006.15770.012) cambia o seu código, que pasa a ser FC.C06.00.004.15770.012, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

## **6. DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA**

A continuación expóñense os cambios propostos na Dirección Xeral da Función Pública, que ten como obxecto a dotación dos medios humanos necesarios para atender a carga de traballo derivada das numerosas actuacións que implica o desenvolvemento do actual marco normativo de persoal e da súa planificación, considerando esta maior dotación como un factor necesario para articular a administración electrónica e un sector público innovador así como dar resposta á cidadanía en xeral.

## **Creacións**

Na Dirección Xeral de Función Pública créase, dependente da dirección xeral, o posto de traballo Xefatura de Sección Administrativa de Apoio á Dirección, código FC.C07.00.000.15770.030, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.

Dependente da dirección xeral créase unha unidade para a implantación da Oficina virtual do Profesional/Expediente-e (FIDES) no ámbito das competencias da dirección xeral para mellorar a xestión da información dos profesionais e dos procesos relacionados co emprego público, cun deseño que permita a súa ampliación a outros ámbitos. Este sistema consta de catro piares básicos: repositorio unificado de profesionais, expedient-e, portal único profesional e xestión dos procesos (carreira profesional, listas de contratación, concursos de traslados, procesos de selección).

Coa implantación deste sistema dentro das competencias da consellería estaríamos tamén cumprindo o plan de dixitalización das Administracións Públicas 2021-2025, que é un dos elementos principais do compoñente 11 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de modernización das Administracións Públicas, e que supón un salto decisivo na mellora da eficacia e da eficiencia da Administración Pública.

Para o desenvolvemento das funcións desta unidade créanse os seguintes postos de traballo dependentes da dirección xeral:

- Xefatura de Sección de Xestión do Expediente Electrónico, código FC.C07.00.000.15770.035, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
- Coordinador/a Administrativo/a do Expediente Electrónico, código FC.C07.00.000.15770.037, de nivel 20, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
- Xefatura de Negociado I, código FC.C07.00.000.15770.040, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
- Xefatura de Negociado II, código FC.C07.00.000.15770.041, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
- Xefatura de Negociado III, código FC.C07.00.000.15770.042, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en





- corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
- Posto Base Subgrupo C2, código FC.C07.00.000.15770.013, de nivel 12, con forma de provisión concurso, aberto ao subgrupo C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. (A11) e formación específica 641 - para persoal doutra administración, curso de iniciación de galego (R.I.). A adscrición vén motivada para facilitar a súa cobertura e mobilidade interadministrativa.
  - Posto Base Subgrupo C2, código FC.C07.00.000.15770.014, de nivel 12, con forma de provisión concurso, aberto ao subgrupo C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. (A11) e formación específica 641 - para persoal doutra administración, curso de iniciación de galego (R.I.). A adscrición vén motivada para facilitar a súa cobertura e mobilidade interadministrativa.
  - Posto Base Subgrupo C2, código FC.C07.00.000.15770.015, de nivel 12, con forma de provisión concurso, aberto ao subgrupo C2, aberto en corpo/escala a xeral, e con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

Dentro do Servizo de Actualización de Datos do Persoal créase o posto de traballo Xefatura de Sección do Rexistro Central de Persoal, código FC.C07.00.000.15770.062, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.

Na Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais, ante o aumento exponencial dos recursos en vía administrativa e xudicial derivadas da publicación das bases e execución dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, créanse os seguintes postos de traballo:

- Xefatura de Negociado, código FC.C07.00.001.15770.004, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
- Dependendo da Xefatura do Servizo de Réxime Xurídico e Recursos créanse os seguintes postos de traballo:
  - o Xefatura de Negociado I, código FC.C07.00.001.15770.016, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Técnico-Xurídica.
  - o Xefatura de Negociado II, código FC.C07.00.001.15770.017, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Técnico-Xurídica.



- Xefatura de Negociado III, código FC.C07.00.001.15770.018, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. (A11), área funcional Técnico-Xurídica e formación específica 640 - para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.). A adscrición vén motivada para facilitar a súa cobertura e mobilidade interadministrativa.

Na Subdirección Xeral de Xestión, Programación e Ordenación de Persoal, ante o notable incremento de volume de traballo en canto á xestión do persoal, tanto en canto a novas incorporacións como cambios de vínculos xurídicos, e o importante reto na prestación dun servizo eficaz e eficiente á altura das esixencias actuais, tanto da cidadanía como dos seus empregados públicos, créanse os seguintes postos de traballo:

- Xefatura de Sección de Xestión, Programación e Ordenación de Persoal, código FC.C07.00.002.15770.005, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG), área funcional Persoal e formación específica 501 - Licenciatura/Grao Dereito (mérito).
- Dependendo do Servizo de Xestión de Persoal créanse os seguintes postos de traballo:
  - Coordinador/a II, código FC.C07.00.002.15770.025, de nivel 20, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
  - Xefatura de Negociado I, código FC.C07.00.002.15770.026, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
- Dependendo do Servizo de Programación e Ordenación de Persoal créase o posto de traballo Xefatura de Negociado II, código FC.C07.00.002.15770.036, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. (A11), área funcional Persoal e formación específica 640 - para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.). A adscrición vén motivada para facilitar a súa cobertura e mobilidade interadministrativa.

Na Subdirección Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal, dada a carga de traballo que debe desenvolver, créanse os seguintes postos de traballo:

- Dependendo do Servizo de Concursos créanse os seguintes postos de traballo:



- Xefatura de Sección de Provisión III, código FC.C07.00.003.15770.014, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
- Xefatura de Negociado de Provisión III, código FC.C07.00.003.15770.019, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
- Dependendo do Servizo de Selección créanse os seguintes postos de traballo:
  - Xefatura de Sección de Informática, código FC.C07.00.003.15770.031, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a XCI - Xeral (escala técnica auxiliar de informática), XMI - Xeral (escala de xestión de sistemas de informática) e XSI - Xeral (escala de sistemas e tecnoloxía da información), con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. (A11), e formación específica 640 - para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.). A adscrición vén motivada para facilitar a súa cobertura e mobilidade interadministrativa.
  - Xefatura de Sección de Selección III, código FC.C07.00.003.15770.034, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
  - Xefatura de Sección de Selección IV, código FC.C07.00.003.15770.035, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
  - Xefatura de Negociado de Selección IV, código FC.C07.00.003.15770.040, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
  - Xefatura de Negociado de Selección V, código FC.C07.00.003.15770.041, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
  - Xefatura de Negociado de Selección VI, código FC.C07.00.003.15770.042, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.

- Dependendo do Servizo de Listas de Contratación Temporal créanse os seguintes postos de traballo:
  - o Xefatura de Sección de Listas III, código FC.C07.00.003.15770.049, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
  - o Xefatura de Negociado de Listas VI, código FC.C07.00.003.15770.055, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
  - o Xefatura de Negociado de Listas VII, código FC.C07.00.003.15770.056, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
  - o Xefatura de Negociado de Listas VIII, código FC.C07.00.003.15770.057, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. (A11), con área funcional Persoal, e formación específica 640 - para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.). A adscrición vén motivada para facilitar a súa cobertura e mobilidade interadministrativa.

Na Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Avaliación Profesional, dada a súa carga de traballo, créanse os seguintes postos de traballo:

- Dependendo do Servizo de Planificación Administrativa créanse os seguintes postos de traballo:
  - o Xefatura de Sección, código FC.C07.00.006.15770.012, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
  - o Xefatura de Negociado, código FC.C07.00.006.15770.015, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
- Dependendo do Servizo de Desenvolvemento Profesional créanse os seguintes postos de traballo:
  - o Xefatura de Sección, código FC.C07.00.006.15770.022, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
  - o Xefatura de Negociado, código FC.C07.00.006.15770.025, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2,

aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. (A11), con área funcional Persoal, e formación específica 640 - para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.). A adscrición vén motivada para facilitar a súa cobertura e mobilidade interadministrativa.

### **Modificacións**

En consonancia coa orde de prelación dos centros directivos da consellería, os postos de traballo desta dirección xeral cambian o seu código, pasando de ser FCC06 a ser FCC07, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

O posto de traballo Xefatura Negociado I, código FC.C06.00.002.15770.019, ata agora dependente da Xefatura do Servizo de Xestión de Persoal, na Subdirección Xeral de Xestión, Programación e Ordenación de Persoal, pasa a depender do Servizo de Actualización de Datos do Persoal e cambia a súa denominación, que pasa a ser Xefatura Negociado II, e o seu código, que pasa a ser FC.C07.00.000.15770.071, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Na Subdirección Xeral de Xestión, Programación e Ordenación de Persoal o posto de traballo Secretario/a Subdirector/a Xeral, código FC.C06.00.002.15770.003, cambia a súa denominación, que pasa a ser Axudante/a de Administración, o seu código, que pasa a ser FC.C07.00.002.15770.003, e a súa adscrición que pasa a ser exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG), polo que se elimina a formación específica 640 - para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.), e área funcional Persoal, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características

O posto de traballo Coordinador/a do Rexistro de Persoal, código FC.C06.00.000.15770.065, ata agora dependente do Servizo de Actualización de Datos do Persoal, para a depender do Servizo de Xestión de Persoal, na Subdirección Xeral de Xestión, Programación e Ordenación de Persoal, e cambia a súa denominación, que pasa a ser Coordinador/a I, e o seu código, que pasa a ser FC.C07.00.002.15770.024, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

Na Subdirección Xeral de Xestión, Programación e Ordenación de Persoal, no Servizo de Programación e Ordenación de Persoal, o posto de traballo Xefatura de Negociado, código FC.C06.00.002.15770.035, cambia a súa denominación, que pasa a ser Xefatura de Negociado I, e o seu código, que pasa a ser FC.C07.00.002.15770.035, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.



Na Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Avaliación Profesional, os postos Xestor/a de Proxectos (código FC.C06.00.006.15770.010) e Xestor/a de Proxectos (código FC.C06.00.006.15770.020), cambian a súa denominación e códigos, que pasan a ser Servizo de Planificación Administrativa, código FC.C07.00.006.15770.010, e Servizo de Desenvolvemento Profesional, código FC.C07.00.006.15770.020, respectivamente, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

### **Amortización**

Na Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais amortízase o posto de traballo Secretario/a Subdirector/a Xeral, código FC.C06.00.001.15770.003, actualmente non vacante (a persoa titular ocupa outro posto en comisión de servizos) e non ocupado, que se considera prescindible na súa unidade de orixe e que contribúe a unha mellor optimización dos recursos humanos.

## **7. DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA**

Expóñense a continuación os cambios propostos na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

### **Creacións**

Na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa créase o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Análise e Estudos, co código FC.C08.00.000.15770.020, de nivel 30, con forma de provisión de libre designación, aberto ao subgrupo A1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e outras comunidades autónomas (A11), e co requisito indispensable, para persoal doutra administración, de posuír o curso de perfeccionamento de galego (640).

Así mesmo, hai que salientar a natureza transversal e especializada desta dirección xeral, na que as súas actuacións, que inclúen labores de investigación específicos, están concibidas para garantir o exercicio dos dereitos e deberes da cidadanía vinculados ao correcto funcionamento dos servizos públicos, así como a transformación derivada dos novos marcos normativos e das recomendacións internacionais en materia de transparencia, integridade, participación, avaliación do rendemento e dirección por obxectivos, entre outras, feito que se ve reforzado coa asunción da nova competencia en materia de integridade e que supuxo a posta en marcha da Canle de Denuncias e ademais as tarefas a planificación e xestión dos plans antifraude. Pola súa banda, a xestión de fondos procedentes do Instrumento de recuperación Next Generation a través de la recepción de fondos REACT-EU e da participación na execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

esixen maiores responsabilidades á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de integridade institucional que, en coordinación con outros órganos transversais e en beneficio das consellerías e das entidades instrumentais do sector público autonómico, tamén se exercerán dende esta dirección xeral.

Neste novo contexto, o peso das funcións analíticas na avaliación e auditoría do funcionamento dos servizos públicos adquire unha relevancia cada vez maior que o persoal analista e avaliador non pode asumir na actualidade debido ao nivel de carga administrativa que está a soportar. En particular, está a aumentar unha carga de traballo da análise das cargas e grupos de traballo derivados das necesidades das consellerías na súa xestión do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Por estas razóns, cómpre focalizar a este persoal analista e auditor en tarefas de marcado carácter analítico e avaliador, máis eficientes para a consecución dos obxectivos marcados a esta dirección xeral. Simultaneamente, cómpre dedicar persoal de apoio ao Sistema de Atención á Cidadanía, que tanto no número de queixas como no de solicitudes de información pública experimentou un elevado incremento nos últimos tres anos. Ademais, a xestión da canle de denuncias vai supoñer un incremento das tarefas de instrución, que fai preciso reforzar o persoal de apoio ao persoal auditor ao que se lle encomenden estas tarefas, que supoñen un traballo de dificultade engadida tendo en conta a confidencialidade e detalle que poden supoñer as denuncias en materia de integridade.

Tendo isto en conta, considérase necesaria a creación de dous postos de xefatura de sección que presten a colaboración técnica que precisa o persoal auditor e analista no ámbito das funcións de avaliación, auditoría e investigación sobre o funcionamento dos servizos públicos que ten atribuídas. As ditas funcións xustifican a súa provisión polo sistema de libre designación, de conformidade co establecido na instrución cuarta, apartados 1.2 ("asesoramento e dependencia directa dun alto cargo") e 3.2 ("a realización das funcións de avaliación, auditoría e investigación, sobre o funcionamento dos servizos públicos") da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Deste xeito, créanse os seguintes postos de traballo dependentes da dirección xeral:

- Xefatura de Sección I, código FC.C08.00.000.15770.003, de nivel 25, con forma de provisión de libre designación, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, e con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

- Xefatura de Sección II, código FC.C08.00.000.15770.005, de nivel 25, con forma de provisión de libre designación, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, e con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

### **Modificacións**

En consonancia coa orde de prelación dos centros directivos da consellería, os postos de traballo desta dirección xeral cambian o seu código, que pasa a ser FCC08, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características. Isto afecta tanto aos postos de traballo con código PRC08 como aos postos de traballo da Secretaría da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa (con código FCC02).

Ademais do cambio de código sinalado no parágrafo anterior, no posto base subgrupo C2 (antigo código PR.C08.00.000.15770.013), ao quedar vacante, elimínase a observación "Ocupado por persoal laboral fixo a extinguir".

Consonte a nova estrutura orgánica da consellería, a Secretaría da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa pasa a depender da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa. Deste xeito, pasan a depender da dita dirección xeral os seguintes postos de traballo da citada unidade, que ademais cambian o seu código, e sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características (agás o que se engade máis adiante respecto do posto Servizo de Apoio Técnico e Administrativo):

- Secretario/a da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, código FC.C02.00.005.15770.001, que pasa a ser FC.C08.00.000.15770.023.
- Servizo de Apoio Técnico e Administrativo, código FC.C02.00.005.15770.010, que pasa a ser FC.C08.00.000.15770.024.
- Xefatura Sección do Rexistro de Contratistas, código FC.C02.00.005.15770.012, que pasa a ser FC.C08.00.000.15770.025.
- Xefatura de Negociado, código FC.C02.00.005.15770.017, que pasa a ser FC.C08.00.000.15770.027.

Ademais do sinalado antes, polo que respecta ao posto Servizo de Apoio Técnico e Administrativo (cuxo código pasa de ser FC.C02.00.005.15770.010, a ser FC.C08.00.000.15770.024), cómpre indicar que a actual dependencia da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa respecto da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa engade unha nova natureza ás funcións deste posto orientadas á investigación das condutas contrarias á integridade en materia de contratación.



En consecuencia e de conformidade co establecido na instrución cuarta, apartado 3.2 da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, modifícase a forma de provisión do posto Servizo de Apoio Técnico e Administrativo que pasa a ser de libre designación, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.

Por outra banda, ademais do cambio de código sinalado no parágrafo primeiro deste punto, como consecuencia da nova estrutura orgánica da consellería todos os postos de traballo de Auditor/a de xestión do rendemento e calidade pasan a denominarse Auditor/a e todos os postos de traballo de Analista de xestión do rendemento e calidade pasan a denominarse Analista, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

### **Amortizacións**

Nesta dirección xeral amortízanse os seguintes postos de traballo, que se consideran prescindibles na súa unidade de orixe e que contribúen a unha mellor optimización dos recursos humanos:

- Posto Base Subgrupo C2, código PR.C08.00.000.15770.012, actualmente vacante, e que non se adecúa suficientemente ao contido das tarefas a realizar.
- Analista de xestión do rendemento e calidade, código PR.C08.00.000.15770.042, actualmente non vacante (a persoa titular ocupa outro posto en comisión de servizos) e non ocupado, estando ademais este posto dedicado a tarefas de apoio na xestión do sistema REDUCE que, coa actual proposta de modificación, se producirá unha maior adecuación ás tarefas propias deste procedemento, o que maximizará a eficiencia na provisión de prazas.
- Xefatura Negociado, código FC.C02.00.005.15770.015, actualmente vacante, e que non se adecúa suficientemente ao contido das tarefas a realizar.

## **8. TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

Expóñense a continuación os cambios propostos no Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Creación**



No Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia créase o posto de traballo Coordinador/a de tramitación de recursos especiais, co código FC.C09.00.000.15770.003, de nivel 20, con forma de provisión de concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG), e área funcional Contratación.

Tal como se indica na memoria do Presidente do Tribunal, o conxunto de tarefas a desenvolver neste posto e que xustifican a súa creación coas características sinaladas serían atención do rexistro do Tribunal, recepción de documentos e o seu arquivo, envío de escritos e comunicacións aos órganos de contratación, tramitación da publicación das resolucións, atención do correo electrónico corporativo, remisión de documentos aos membros do Tribunal para a súa sinatura (oficios, actas, resolucións...), xestión das multas impostas polo Tribunal, atención telefónica, remisión de expedientes ao Tribunal Superior de Xustiza, e calquera outra necesaria no funcionamento propio do TACGal e que se corresponda coas tarefas a asignar ao posto de traballo.

### **Modificacións**

En consonancia coa orde de prelación dos centros directivos da consellería, os postos de traballo do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia cambian de código, pasando de ser FCC07 a ser FCC09, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

### **Amortización**

No Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia amortízase o posto de traballo Secretario/a do/a Presidente/a, código FC.C07.00.000.15770.002, actualmente vacante e ocupado en comisión de servizos, que se considera prescindible na súa unidade de orixe e que contribúe a unha mellor optimización dos recursos humanos:

En relación coas propostas de amortización sinaladas neste memoria, constan no expediente as correspondentes comunicacións ao persoal funcionario afectado pola amortización do seu posto.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital.  
O secretario xeral técnico e do Patrimonio

Jorge Atán Castro